

7. AVALIACIÓN

7.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL

1. **DATA DE REALIZACIÓN.** A avaliación inicial farase nas dúas primeiras semanas de outubro.
2. **¿EN QUÉ CONSISTIRÁ?** Realizarase mediante unha proba escrita e, por suposto, a través da observación durante as primeiras semanas do curso dos coñecementos previos que se obterán a través de preguntas orais.
3. **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.** As familias do alumnado serán informadas dos resultados sempre que se estime necesario, especialmente naqueles casos nos que consideremos convinte a realización de apoios e adaptacións curriculares.
4. **CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS.** Os resultados serán especialmente reveladores para configurar a idea do curso e para levar a cabo os apoios e/ou adaptacións curriculares pertinentes.

7.2 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA

7.2.1 TEMPORALIZACIÓN.

Faránse dúas probas escritas, como mínimo, por avaliación (trimestre), que constarán das partes especificadas nos contidos: vocabulario, gramática, lectura (Reading), escoita (Listening) e escritura (Writing). Tamén se valorará a expresión oral ao longo de cada avaliación mediante a realización de probas, exposicións orais, a lectura e o uso da lingua na aula

7.2.2. CUALIFICACIÓN.

Para avaliar utilizaremos distintos instrumentos de recollida de información:

- **Caderno de notas dos profesores:** anotacións periódicas sobre a súa integración no grupo e actitude, diálogos cos profesores, participación con preguntas e opinións, atención, ritmo de traballo, resolución oral das actividades e preguntas, etc. As técnicas de observación poden ser adecuadas para a avaliación das actitudes (cooperación, respecto, tolerancia...), dos hábitos dos alumnos/as, tanto en relación co traballo escolar, o seu interese, curiosidade, como na participación nas tarefas colectivas. Tamén pode ser utilizada a observación para valorar os procedementos relacionados coa organización e planificación do traballo individual e en grupo, tanto na aula como nas saídas ou excursións, así como para recabar información para a función titorial.
- **Caderno do alumno/a:** anotarás conclusións, resúmenes, actividades e respostas correspondentes ao traballo requerido polos profesores.
- **Probas escritas e orais** que permitirán valorar a adquisición de contidos conceptuais e procedimentais. Serán acordes cos criterios de avaliación propostos.
- **Traballos individuais e proxectos en grupo**, que poden implicar tanto traballos escritos, resposta á textos literarios como presentacións orais.

A avaliación é **continua**, e farase a través da observación directa e do rexistro do traballo e das actividades do alumno/a. Darase especial valoración ao esforzo e interese que cada alumno/a amose

no seu proceso de aprendizaxe. As Avaliacións serán tres, que coincidirán aproximadamente con cada trimestre e segundo se fixen no centro.

Para superar cada avaliación o alumnado deberá realizar as probas obxectivas sobre os temas tratados e aprobalas, así como ter feitos nos cadernos da materia todos os traballos de clase que sexan programados para cada un dos temas. A calificación final de cada avaliación -trimestre será o resultado da suma dos seguintes módulos:

En **ESO**:

- a) Media ponderada de todas as probas escritas (30% da nota).
- b) Media das notas relativas ás destrezas de lectura e escritura (30% da nota).
- c) Media das notas relativas ás destrezas orais (30% da nota).
- d) Media das notas de actitude cara á asignatura (10%).

En **Bacharelato**:

- a) Media ponderada de todas as probas escritas (50% da nota).
- b) Media das notas relativas ás destrezas de lectura e escritura (30% da nota).
- c) Media das notas relativas ás destrezas orais (20% da nota).

Cómpre deixar claro que tanto na segunda coma na terceira avaliación a media farase tendo en conta tamén as medias en cada un dos apartados (a,b,c) das avaliacións anteriores

Cando un alumno/a non se presente a un exame terá que presentar un xustificante oficial ou non se lle repetirá o exame.

Ao intentar levar á práctica un modelo de avaliación continua, consideramos que as faltas de asistencia inxustificadas ou non xustificables son totalmente contrarias a este proceso, polo que se no hai asistencia continua o/a alumno/a en cuestión **perderá o dereito á avaliación continua** e terá que presentarse ao exame final de xuño. Para a súa superación terá que obter unha calificación mínima de 5.

Cualificación final. Como a aprendizaxe dunha lingua estranxeira é un proceso continuo e progresivo, o/a alumno/a que aprobe a terceira avaliación terá aprobado o curso, independentemente dos resultados obtidos nas avaliacións anteriores

O alumnado que non fose avaliado positivamente en xuño, terá que presentarse en setembro á proba da avaliación extraordinaria

No caso de detectar que un alumno ou alumna está copiando nun exame, será amonestado no momento, retirándosele o exame, que se calificará cun **0**. No caso de ser unha proba final, terá que ir á extraordinaria, en no caso de ser a extraordinaria, quedará sin posibilidade de recuperar a materia hata o curso seguinte.

7.2.3. ASPECTOS VALORABLES DO TRABALLO NA AULA.

Traballo diario, asistencia, atención, esforzo, respecto, compromiso e interese do alumnado hacia a materia, ao grupo e os profesores son os aspectos máis destacables da calificación neste ámbito, de forma que a entrega de traballos na data acordada, as respostas ás preguntas orais, o traballo en

grupo ou individual ben feito van ser os que posibiliten que o alumnado acade a puntuación máis alta nesta sección.

7.3 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

7.3.1 ¿Qué tipo de proba se vai a aplicar?

A proba será de carácter escrito e práctico na súa totalidade, As preguntas serán sempre de varios tipos: gramática, comprensión lectora (Reading) e expresión escrita (Writing). Non haberá proba de comprensión oral (Listening) nin de expresión oral (Speaking) por non dispor de tempo suficiente para elas.

7.3.2 ¿Cómo se califica?

O modo de calificación vai ser en función do número de preguntas. A valoración total será sobre 10 puntos.

7.4 PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

7.4.1 ¿Como se fará o seguimento?

O seguimento da materia pendente farase da seguinte maneira:

- a) A través de traballos periódicos revisados e avaliados coa fin de que o alumnado poda ver os erros que tivo e os aclare. Eses traballos han de ser entregados nas datas que indique a Xefa de Departamento pois a porcentaxe do total da nota (30%) vai depender da puntualidade e da corrección dos mesmos.
- b) A través do desenvolvemento do alumno/a no curso en que está matriculado na 1ª avaliación e na 2ª avaliación (70%). xa que ao tratarse dunha lingua estranxeira consideramos que si o alumno vai ben no curso actual esto implica que tamén acada os obxectivos do curso anterior.
- c) Se o/a alumno/a supera as dúas primeiras avaliacións terá aprobada a materia pendente, no caso de que non o faga terá a posibilidade de facer un exame final da materia pendente no mes de maio cando oportunamente se fixe por parte da dirección do centro dacordo coa normativa en vigor. O valor deste examen será dun 70%, o 30% restante será relativo ao apartado **a)**. De non superar o exame correspondente ao mes de maio, o/a alumno/a terá que presentarse as probas extraordinarias de setembro.

7.4.2 ¿Qué tipo de proba se vai aplicar?

A proba será de carácter escrito e na súa totalidade práctico, As preguntas serán sempre de varios tipos: vocabulario, gramática, comprensión lectora (Reading), expresión escrita (Writing). Non haberá proba de comprensión oral (Listening) nin de expresión oral (Speaking). A valoración total será sobre 10 puntos.